


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

10-11 de abril do 2021

## II DOMINGO DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 82 A Cristo cantamos*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Fai uns días, con toda a Igrexa, dende cada fogar de Os Cotos, festexabamos a Pascua do Señor, a súa vitoria sobre o pecado e a morte. Hoxe voltamos a reunirmos como a primeira comunidade cristiá; coma eles imos descubrir a presenza do resucitado, e imos escoitar o seu saúdo de “PAZ CONVOSCO”.

Nun mundo cheo de conflitos, queremos ser fogar pacificador, que tende pontes de encontro, que derruba muros, que acolle e pon luz nas tebras.

En todos estes días de Pascua, acompañaranos o taboleiro para afondar en todo o que a Pascua é para nós.

Hoxe o signo é PASCUA NO LUME, na LAREIRA, no FOGAR. Co cirio pascual acendido deixemos que nos alumee Cristo RESUCITADO.

🎵 *nº 82 A Cristo cantamos na luz*

### ***Celebrante***

Señor Xesús,  
que a túa luz nos permita ver  
o que de luminoso teñen as nosas vidas,  
o que de luz hai nos demais,  
o que de esperanzador teñen as nosas existencias

🎵 **nº 82 A Cristo cantamos na luz**

### **ORACIÓN PROPIA DO DÍA**

***Celebrante*** rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior.

*(silenzio)*

Deus de eterna misericordia,  
ti dáslle azos á fe do teu pobo  
coa celebración anual das festas da Pascua.  
Fai medrar en nós os dons da túa graza,  
para que comprendamos mellor  
que grandes son o bautismo que nos purificou,  
o Espírito que nos fixo renacer  
e o sangue que nos redimiu,  
por Cristo, noso Señor. Amén

### **2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS**

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

***Celebrante*** No comezo da pascua somos invitados a superar a nosas actitudes derrotistas e desalentadoras. Os textos que agora proclamamos vannon amosando que as actitudes dos primeiros cristiáns eran a alegría, a confianza, a perda do medo. Son hoxe palabras de esperanza no medio das inquedanzas que nos vai deixando a COVID-19 despois de un ano. Escoitemos.

*Feit 4, 32-35*

### **LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS**

A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma, e ninguén consideraba coma seu o que posuía, senón que todas as cousas eran comúns. Os apóstolos, con gran poder, daban testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eles eran ben considerados. Non había entre eles ningún necesitado, porque todos os que tiñan bens ou casas vendíanos, levaban os cartos e depositábanos aos pés dos apóstolos, que repartían a cadaquén segundo precisaba.

**Palabra do Señor**

🎵 **nº 58 Acharte presente na vida SALMO**

*Xn 20, 19-31*

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN**

*Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando*

estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos:

- Vimos o Señor.

Pero el contestoulles:

- Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

- Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé:

- Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle:

- ¡Meu Señor e meu Deus!


Xesús díxolle:

- Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

### Palabra do Señor

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Nos vindeiros domingos estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana imos ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

## No taboleiro da PASCUA

### Celebrante

Hoxe o signo é PASCUA NO LUME, na LAREIRA, no FOGAR.

Como proposta deste momento intentemos traer da memoria o que para nós son os recordos da lareira (algúns serán pasados xa no tempo, outros cheos de presente, e mesmo poida que para alguén sexan novidade). Pensemos cousas que nos lembran os tempos da lareira, os cheiros a fume, as sopas de burra cansa (viño tinto quecido con azucre e unhas codias de pan de millo), os contos das avoas, as partidas de cartas á beira do lume, o ruído do vento na cheminea ...

### Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)



## PASCUA NO LUME CALOR DE FOGAR E DE AMOR

O lume é imaxe  
de calor familiar.  
A lareira e o seu crepitar  
ilumina a vida, afasta o frío,  
dá alegría  
e sensación de benestar.



A calor fai que se desconxelen  
as fronteiras e os muros,  
e fai que se anime o corazón abatido.



O lume do fogar e o lume do amor  
son os ingredientes que fan falla  
para poder ter un corazón vivo  
e cheo de amor.

Como a labarada do  
lume divino é o fogo  
ardente do amor.  
Nin as moitas augas  
poden apagalo, nin os  
ríos poden extinguilo.  
Cantar dos Cantares  
8, 6-7



Como familia  
somos chamados a  
ser fogar de portas  
abertas e xunto a ÉI,  
LUME PASCUAL

## PROCLAMAMOS A NOSA FE

**Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, antes de proclamar o credo renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

**Si, estamos dispostos**

○ **Estades dispostos** a loitar contra todo o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

**Si, estamos dispostos**

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?

**Si, estamos dispostos**

**Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo

### **Monitor/a**

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

**SI, CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

**SI, CREEMOS**

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

**SI, CREEMOS**

### ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante* Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos convoca a facer do mundo fogar de amor e paz para todos; oremos dicindo

**Señor da vida, escoita a nosa oración**

*Monitor/a*

✓ A Cristo, que na súa resurrección destruíu o pecado, pidámoslle que todos os cristiáns sexamos coherentes coas promesas do noso bautismo, oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección renovou a vida, pidámoslle polos que viven sen esperanza, oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección encheu de alegría a todos os pobos, pidámoslle que no noso fogar sexamos quen de manter viva e crible a fe, oremos

✓ A Cristo, que coa súa resurrección anunciou a alegría ao mundo pidámoslle que renove a esperanza dos refuxiados e de todos os que sofren e choran, oremos

✓ A Cristo que coa súa resurrección abriu unha porta de vida máis alá da morte pidámoslle por todas as persoas que morreron e morren pola COVID-19, oremos

*Celebrante* Señor Xesús, que saibamos recoñecerte na igrexa do fogar, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, Amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

*Celebrante:* Coma Xesús queremos pousar a nosa vida nas mans do Pai. Pedimos hoxe que sexamos testemuñas da súa LUZ con este lume que nos trae a PASCUA, LUME de amor, sendo coherentes e cribles. Pedímolo dicindo: NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante:* PAZ CONVOSCO son as palabras do Resucitado. Acollamos pois esta paz e contaxiémola a todos. É unha paz que vai nas mans, nos abrazos, nos bicos, pero que nace no corazón, por iso agora digámoslle a Deus os nosos mellores desexos para os veciños e veciñas cos que compartimos a vida.

## NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

*Celebrante: Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos a Pascua do fogar como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

🎵 **No colo da miña nai**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

*Celebrante*

Señor, concédenos que o sacramento pascual que acabamos de compartir, viva para sempre no noso corazón, por Cristo, Noso Señor.

*Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición.*

*Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna.*

*Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*





Palabras de Xesús a Tomé e a NÓS no evanxeo de hoxe  
“Benaventurados os que crean sen veren”




**Bendito ti, Xesús resucitado  
coas feridas da lanza e mais os cravos.  
Bendito para sempre ti es loado,  
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá  
e no cantar do paxaro ao espertar.  
Bendito na auga fresca e rebuldeira  
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece  
o duro traballar coa súa anada,  
bendito na esperanza que se esforza  
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84  
do cancionero de Os Cotos)*

# ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA